

A CONTAMINACIÓN DAS PRAIAS

T.T.M. individual

A contaminación das praias e océanos é unha das problemáticas que máis preocupa ás organizacións que traballan pola protección e conservación do medio ambiente, debido a os seus efectos na vida animal e na do home e da muller. Segundo un informe da Organización das Nacións Unidas sobre o estado do planeta, as condicións medioambientais “mediocres” son ás responsables do 25% das mortes causadas por enfermidades mundiais. Di que cada segundo os océanos reciben máis de 200 kg de lixo e 8 millóns de toneladas chegan a os mares cada ano, debido a o abandono ou a mala xestión desta.

As investigacións atoparon que as praias do Atlántico presentan unha contaminación de tipo microbiolóxico. A maior parte do lixo provén de augas residuais de orixe doméstico.




Por una banda, como turistas ou visitantes das praias, debemos mantelas limpas para poder desfrutalas plenamente. Ao visitar unha praia, debemos ser responsables e non esquecer levar unha mochila ou bolso con pratos, cubertos e vasos de usar e tirar, así como, unha bolsa para o noso lixo e mais o que poidamos encontrar.



Por exemplo, na nosa contorna (Ribeira), contamos cunha costa cuxa lonxitude é de 5 km dos que debemos salientar a gran cantidade de praias. Un total de 31!

1. O Baluarte
2. A Amexida
3. A Cambra
4. A Covasa
5. A Corna
6. A Ladeira
7. Area Basta
8. Area Secada
9. As Furnas
10. Carolinas
11. Castiñeiras



12. Celeirás
13. Coroso
14. Couso
15. Cruces
16. O Prado
17. Espiñeirido
18. Gavoteira de Fontán
19. Insuela
20. Ribeiriña
21. Ribeira Grande
22. Rego das Cargas
23. Penisqueira
24. Mosqueiros
25. O Castro
26. Catía
27. Aguiño
28. Angueiro
29. Angueira
30. As Dunas
31. O Esteiro



No meu caso, a praia á que adoito ir é a da Catía. Por desgraza, a contaminación nesta praia é abundante. A medida que vas camiñando, paseando ou xogando por ela, é habitual atopar numerosos refugallos como gomas de mascar (tardan uns 5 anos en degradarse), latas de refrescos (tardan uns 10 anos en degradarse), tetabriks de zumes (degrándanse en 30 anos), chisqueiros, bolsas de plástico ou incluso botellas de vidro (estas poden tardar en degradarse ata 4000 anos)

Por outra banda, como comentei no parágrafo anterior, as consecuencias da contaminación das praias son moi variadas para a natureza.

Para previr ou revertir ás situacións da contaminación das praias, a nivel colectivo débese invertir en programas de educación ambiental para a concienciación do público acerca da protección e mantemento do medio ambiente. A nivel individual, débese chamar á protección destes espazos sendo responsables do lixo xerado.

Así mesmo, deberíanse aplicar mellores normativas para a protección das praias, así como aumentar o control das embarcacións para comprobar que non cometan infraccións á hora de xestionar os seus residuos.

Anxo Rey Paz 6º Primaria